

# **PROGRAMAS DA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O FOMENTO DA EDUCACIÓN AMBIENTAL NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Ourense, xullo 2017

Este relatorio forma parte dunha investigación máis ampla levada a cabo como Traballo de Fin de Grao de Educación Primaria o pasado mes de Xullo, de Cristina González García, baixo a dirección de Ángel M. Vázquez Dorrió, profesor pertencente ao Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais da Universidade de Vigo no campus de Ourense.

O presente estudo, pretende facer unha revisión dende 2012 a 2017, dos Programas do Plan Proxecta a través dos cales a Administración Educativa Galega, dende as súas diferentes Consellerías, fomenta a realización de proxectos e iniciativas de educación ambiental de carácter transversal, dirixido concretamente á etapa de educación primaria.



Os obxectivos do presente estudo son:

- Analizar os datos de cobertura recollidos ao longo de cinco cursos escolares.
- Describir a evolución das diferentes provincias galegas.
- Comparar os resultados de cobertura nas catro provincias galegas.
- Propoñer iniciativas que melloren o estado actual de ser preciso.

Para acadar os obxectivos planeados no apartado anterior, accedemos ás Resolucións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no que se atopan os listados de adxudicación dos diversos programas clasificados por curso escolar, provincia e centro.

Os Programas do Plan Proxecta dirixidos á etapa de Educación Primaria son os que seguen:

<b>Programas dirixidos á etapa de Educación Primaria</b>	
1. Aliméntate ben	9. Paisaxe e sustentabilidade
2. PDC (Proxecto Deportivo de Centro)	10. MeteoEscolas
3. Aprendo programando	12. Proxecto Terra
19. Moitavista na escola	13. Recíclate con Sogama
21. Salvavidas	14. Proxecto Ríos
25. Voluntariado miúdo: móvete	15. Protexe os animais
27. Conecta Cultura	16. Naturézate
28. Aulas I+I (Inclusivas e Igualitarias)	17. Consumópolis
32. Nós tamén creamos!	18. Galicons-net
34. Proxecto Didáctico Antonio Fraguas	30. O monte vivo
35. Proxectos de innovación en dinamización Lingüística	31. Montentérate
36. Cine en curso	33. Fitofaladoiro
37. Fotografía en curso	41. Mobilidade sostible e segura
39. Mirando polo Camiño	
40. Educación en valores e Cidadanía global	

Para o tratamento estatístico dos datos, recorreuse á utilización de técnicas de clasificación simple de datos en táboas, para o que se empregou o programa Excel na súa versión do paquete Office 2016, realizando porcentaxes e sumatorios, para logo crear

táboas e gráficos de barras ou de sectores que faciliten a interpretación dos resultados acadados.

## Resultados

Cos datos organizados en follas de cálculo, creamos unhas táboas e gráficos que nos axudan a interpretar os mesmos.

Táboa 16.- Total Actividades de E A por curso e Provincia					
	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
<b>A Coruña</b>	98	71	78	75	70
<b>Lugo</b>	49	49	43	41	49
<b>Ourense</b>	22	22	24	36	43
<b>Pontevedra</b>	100	85	71	91	84
<b>Totais</b>	269	227	216	243	246

Gráfico 16.- Número de Actividades Ambientais do Plan Proxecta por Provincia, e curso.




Gráfico 17.- Número de Actividades Ambientais do Plan Proxecta por Curso, Provincia e totais entre 2012 e 2017





Gráfico 18.- Actividades totais do Plan Proxecta fronte a Actividades de Educación Ambiental do Plan por Curso académico e a súa tendencia



## Conclusións

- Dende o curso 2012/2013, ata o curso 2016/2017, podemos extraer valoracións dos resultados xerais de participación, sendo o primeiro curso escolar, no que maior cobertura a centros de toda a comunidade se leva a cabo, descendendo a participación nos dous cursos posteriores e aumentando lixeiramente nos últimos cursos escolares. Esta tendencia, vese claramente na evolución dos programas de Recíclate con Sogama ou Galicons-Net.
- Os Programas con maior cobertura autonómica son, por orde de maior a menor: o Proxecto Terra, Proxecto Ríos, Meteoescolas, Paisaxe e Sustentabilidade e Consumópolis.
- Os que menos representación teñen, pola mesma orde: Protexe aos animais, O monte vivo , Fitofaladoiro, Montentérate e Naturézate.
- Os proxectos Climántica e Axenda 21 Escolar só se levaron a cabo no curso 2012/2013, cunha participación de 17 e 49 centros respectivamente, sendo maioritaria a participación da provincia da Coruña en Climántica e nula na de Lugo.
- Catro proxectos só levan dous cursos escolares celebrándose: Protexe aos Animais, Naturézate, Fitofaladoiro e Mobilidade Sostible e Segura.

- Debería reflexionarse o porqué algunhas actividades case non contan con participación en determinadas provincias, cando xusto parece que nesas provincias encaixarían perfectamente (Lugo – Montentérate e Ourense – Proxecto Ríos) por exemplo.
- De forma xeral en tódolos programas a participación é maior para as provincias de A Coruña e Pontevedra, acadando representacións que van do 70% no programa de Paisaxe e sustentabilidade ata o 80% no Proxecto Terra fronte ás provincias de Lugo e Ourense, sendo esta última a que de forma xeral é a menor beneficiaria nos programas que conforman o Plan Proxecta. O programa onde a provincia de Ourense ten maior cobertura é o programa Mobilidade Sostible e Segura, superando ao resto de provincias.
- Compróbase unha baixa participación da comunidade educativa, o que pode deberse a varios factores: escasa promoción dos programas, excesiva burocracia para ser beneficiario, falta de formación do profesorado en novas metodoloxías didácticas e TIC ou mesmo ter un currículo aínda ríxido, no que prima a valoración das áreas en particular e non dos proxectos de carácter interdisciplinario.

## **Iniciativas de Mellora**

- Promocionar dende a administración os diversos programas de educación ambiental e valorar positivamente a adhesión dos centros aos mesmos dada a importancia que teñen cara a comunidade.
- Reciclaxe do profesorado en metodoloxías alternativas como os proxectos multidisciplinares.
- Formación e sensibilización do profesorado sobre temáticas ambientais.
- Non demonizar estes proxectos con tantos requisitos burocráticos.
- A rixidez do currículo non fomenta os proxectos transversais.
- Permitir o desenvolvemento de propostas educativas a entidades asociativas sustentables para que leven a cabo programas do plan proxecta que se manteñan no tempo.